

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE REXISTRO XERAL	
28 DEC. 2016	
N.º ENTRADA	N.º SAIDA 18667

Copia

En contestación á petición de data 19 de decembro, con nº de rexistro 37935 e a petición de data 22 de decembro con nº de rexistro 39004, indicarlle que a transparencia é unha liña institucional básica deste goberno provincial e que unha vez recibida a primeira solicitude, o pasado 20 de decembro esta presidencia ditou providencia na que solicita informe ao negociado de transparencia e a vicesecretaria. Achégolle copia dos mesmos, nos que se conclúe que as respostas son adecuadas e en ningún momento se nega o acceso á información.

Lémbrolle que, de acordo cos termos previstos no artigo 16.3 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF), e no artigo 227 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, todos os membros da Corporación Provincial deben gardar reserva en relación coas informacións que se lles faciliten para facer posible o desenvolvemento das súas funcións, singularmente, das que servirán de antecedentes para decisións que aínda se encontren pendentes de adopción, así como para evitar a reprodución da documentación que se lles poida facilitar, en orixinal ou copia, para o seu estudo.

Ourense, 28 de decembro de 2016



O PRESIDENTE

José Manuel Baltar Blanco.

JOSÉ IGNACIO GÓMEZ PÉREZ - deputado provincial do Grupo PSdeG-PSOE.

Grupo PSdeG-PSOE.- Deputación Provincial de Ourense.